

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 3 de novembro de 2016

ASISTENTES:

Membros :

D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a. Carmen Silva Rego
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados

D. Santos Hector Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e corenta minutos do día 3 de novembro de dous mil dezaseis e baixo a presidencia do segundo tenente de Alcaldía, Sr. Regades Fernández, por ausencia do Excmo. Sr. alcalde, (resolución do 2/11/16), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretario o concelleiro, Sr. Rodríguez Escudero, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1052).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1053).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS Nº 789/2016 E 859/2016 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS SOBRE ADXUDICACIÓN DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DO APARCADOIRO SITO NA PRAZA DE PORTUGAL. EXPTE. 429/449.

Dáse conta do informe-proposta de data 2/11/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

1º.- Dáse conta das Resolucíons nºs 789/2016 e 859/2016 do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaídas nos recursos nºs 722/2016 e 860/2016, interpostos polas mercantís INTERPARKING HISPANIA, S.A., e EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., respectivamente, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2016, de adxudicación da concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal a SABA APARCAMIENTOS, S.A.

Transcríbense a continuación os acordos:

– Resolución 789/2016

“Primeiro.- Desestima-lo recurso interposto por D. Ernesto Piera Trius, actuando en nome e representación de INTERPARKING HISPANIA, S.A., contra o acordo de 15 de xullo de 2016 da Xunta de Goberno do Concello de Vigo polo que se adxudica a concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal a SABA APARCAMIENTOS, S.A.

Segundo.- Mante-la suspensión do expediente de contratación ata que se dicte a resolución do recurso 860/2016, interposto perante este Tribunal.”

– Resolución 860/2016

“Primeiro.- Estima-lo recurso interposto por D. Antonio Jiménez Torre, actuando en nome e representación da mercantil EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A., contra o acordo de 15 de xullo de 2016 da Xunta de Goberno do Concello de Vigo polo que se adxudica a concesión de servizo público do aparcamento situado na Praza de Portugal a SABA APARCAMIENTOS, S.A., debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar novo exame e valoración do sobre C.

Segundo.- Levanta-la suspensión do procedemento de contratación.

Terceiro.- Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 de TRLCSP.”

Á vista desta última resolución procede dar traslado do expediente ao servizo xestor aos efectos de realizar unha nova valoración do sobre C.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(1054).- DAR CONTA DA EXECUCIÓN DE SENTENZA DITADA NO RCA Nº 319/2011, DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO, RELATIVA Á CONCESIÓN DEMANIAL DA PRAZA ELÍPTICA. EXPTE. 4946/241.

Visto o informe de fiscalización de data 31/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 28/10/16, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e o concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Primeiro.- En data 3 de xuño de 2013 o Xulgado do Contencioso-administrativo Nº 2 de Vigo ditou sentenza (nº 102) no recurso contencioso-administrativo interposto por “VICTORIANO

MOLDES RUIBAL, S.A.” (Procedemento Ordinario núm. 319/2011) ao que se lle acumulou o PO 113/2012- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.

Segundo.- Contra a citada sentenza, PRAZADOURO, S.L., interpuxo recurso de apelación, desestimado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en Sentenza nº 582/2014, do 16 de xuño.

Terceiro.- En Auto de 14/09/2016 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, resolve a Peza Separada de Execución de Sentenza 36/2016 formulada por VICTORIANO MOLDES RUIBAL, S.A., en cuxa PARTE DISPOSITIVA (Punto 2º) acorda:

“2º- Requerir al Concello de Vigo para que, en el plazo máximo de un mes proceda a:

- Dictar nuevo acuerdo de liquidación del contrato de INMIGA S.L. con arreglo a las bases fijadas en la sentencia, de las que resulta un saldo favorable a Inmiga, S.L. por importe de 735.749,15 euros*
- Modificar el acuerdo de 19 de mayo de 2011 de aprobación definitiva del pliego de cláusulas administrativas particulares que regirá la concesión demanial, que se debe modificar exclusivamente en la cláusula X.i), para recoger la obligación de la concesionaria de asumir el pago de la cantidad de 885.891,62 euros como cifra en que se ha fijado el enriquecimiento injusto por la recepción gratuita de las obras de excavación y estructura realizadas en la Plaza Elíptica por la anterior concesionaria Inmiga, S.L.”.*

Toda vez que este último auto adquiriu firmeza xa que non foi recorrido, procede executar a sentenza nos termos fixados no mesmo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- As partes que interveñen nun proceso están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e términos que nestas se consignan (artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa).

Segundo.- A sentenza nº 102 do Xulgado do Contencioso-administrativo Nº 2 de Vigo, que ten que ser executada, contén no seu FALLO os seguintes pronunciamentos anulatorios:

–En relación coa fixación do enriquecemento inxusto de PRAZADOURO, S.L.:

- Anula parcialmente o Acordo da Xunta de Goberno Local do 22/11/2010 polo que se acordou fixar en 524.395,18 € a cantidade pola que se enriqueceu inxustamente PRAZADOURO, S.L. polas obras de excavación e estrutura realizadas na Praza Elíptica pola anterior concesionaria INMIGA,S.L., declarando que a suma en que debe cifrarse dito enriquecemento inxusto é de 885.891,62 €, que deben ser aboados por PRAZADOURO, S.L., ao Concello.
- Anula parcialmente o Acordo do 19/5/2011 de aprobación definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a concesión demanial, obrigando a modificar exclusivamente a cláusula X.i), para recoller a obriga da concesionaria de asumir o pagamento da cantidade de 885.891,62€, contía fixada polo propio xulgador como cifra do enriquecemento inxusto de PRAZADOURO, S.L.

- En relación coa liquidación do contrato con INMIGA, S.L:

- Anula o acordo do 27/1/2012 do Concello de Vigo polo que se aproba a liquidación do contrato adxudicado a INMIGA, S.L., obrigando ao Concello a ditar novo acordo de liquidación con arranxo ás bases fixadas na sentenza, das que resulta un saldo favorable a INMIGA, S.L. por importe de 735.749,15 €.

Terceiro.- A competencia para executar a citada sentenza, a teor do disposto no artigo 127.1.j da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local correspóndelle á Xunta de Goberno Local, por ser os actos impugnados da súa competencia.

En consecuencia, á vista do exposto, se propón á Xunta de Goberno Local, previo informe do Órgano responsable do control e da fiscalización interna da Intervención Xeral, a adopción do seguinte:

ACORDO

“Primeiro.- Fixar en 735.749,15 euros a cantidade que lle corresponde a INMIGA,S.L., pola liquidación do contrato de concesión do dereito de superficie da Praza Elíptica, adxudicado polo Pleno do Concello o 31 de agosto de 1994.

Segundo.- Modificar no acordo desta Xunta de Goberno Local, de 19 de maio de 2011, de aprobación definitiva do prego de cláusulas administrativas particulares que rexeira a concesión demanial da Praza Elíptica, a cláusula X.i), para recoller a obriga da concesionaria, PRAZADOURO, S.L., de asumir o pago da cantidade de 885.891,62 euros como cifra en que se fixou o enriquecemento inxusto pola recepción gratuíta das obras de excavación e estrutura realizadas na citada praza pola anterior concesionaria INMIGA, S.L.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1055).- PROPOSTA DE INCOACIÓ DE EXPEDIENTE PARA A IMPOSICIÓ DE PENALIDADES Á EMPRESA ADXUDICATARIA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DE ZONAS VERDES. EXPTE. 7614/446.

Dáse conta do informe-proposta do 03/11/16, da xefa do servizo de Contratación, conformado polo xefe do servizo de Montes e Xardíns, polo concelleiro-delegado de Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Fomento, Limpeza e Contratación, que di o seguinte:

“NORMATIVA DE APLICACIÓ

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público (TRLCSP).*

- *Real Decreto 817/2009, de 8 de mayo, por el que se desarrolla parcialmente la Ley 30/2007, de 30 de octubre, de contratos del sector público (RLCSP), de aplicación en el que no se oponga al TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de octubre, por el que se aprueba el Reglamento General de la Ley de Contratos de las Administraciones Públicas (RLCAP), de aplicación en el que no se oponga al TRLCSP.*
- *Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local (LBRL).*
- *Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local (TRRL).*
- *Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (LRJAP).*
- *Pliego de cláusulas administrativas particulares que rige el procedimiento abierto para la contratación de servicios de conservación y reposición de las zonas verdes en la ciudad de Vigo (PCAP).*
- *Pliego de prescripciones técnicas para la contratación de servicios de conservación y reposición de las zonas verdes en la ciudad de Vigo (PPT).*

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 6 de agosto de 2015, a Xunta de Goberno Local, acordou adxudicar á mercantil ALTHENIA, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446).

Segundo.- En data 5 de outubro de 2015, a resolución do TACRC nº 901/2015, estimando o recurso especial en materia de contratación interposto pola mercantil VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., declara nulo o acordo de adxudicación do contrato.

Terceiro.- En data 31 de marzo de 2016, a Xunta de Goberno Local, acordou que ALTHENIA, S.L., continuase “coa prestación do servizo de mantemento de zonas verdes da cidade de Vigo, nas mesmas condicións que as establecidas no contrato anulado desde o Auto do TSXG de 7 de marzo de 2016 ata a formalización do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo”.

Cuarto.- En diversas datas realizáronse inspeccións nas zonas verdes obxecto do citado contrato, consignadas nos informes de datas 18/12/2015, 16/05/2016, 24/05/2016, 06/06/2016, 10/06/2016, 28/06/2016, 28/07/2016, 11/08/2016, 31/08/2016 e 11/10/2016. Nos mesmos o inspector pon de manifesto unha serie de irregularidades na prestación dos servizos de mantemento das zonas verdes realizado por Althenia. Nos expedientes incoados ao efecto, números 8731-446, 8996-446, 8997-446, 9003-446, 9004-446, 9031-446, 9033-446, 9045-446, 9055-446 e 9090-446, e que se achegan coa presente proposta, relaciónanse as distintas zonas verdes e as súas deficiencias, incorpóranse fotografías nas

que se aprecia o estado de deterioro das mesmas, e realizase unha valoración económica das prestacións deixadas de realizar, en función dos valores asignados a cada unha delas no Prego de Prescricións Técnicas.

FUNDAMENTOS JURÍDICOS

-I-

Legislación aplicable

É preciso comezar por determinar a *legislación aplicable* ao presente contrato. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola *legislación vixente* no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato réxese polas seguintes disposicións:

- *Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).*
- *Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.*
- *Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación non que non se opoña ao TRLCSP.*

-II-

Dos incumprimentos das obrigas contractuais polo contratista e da súa tipificación no Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o contrato

*A *legislación* en materia de contratos permite ao órgano de contratación impoñer penalidades polo incumprimento ou o cumprimento defectuoso das obrigas derivadas dos contratos.*

O artigo 212.1 do TRLCSP determina que “Os pregos ou o documento contractual poderán prever penalidades para o caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do mesmo ou para o suposto de incumprimento dos compromisos ou das condicións especiais de execución do contrato”. E no número 7 do citado artigo permite ao órgano de contratación, en caso de incumprimento de obrigas contractuais optar, ou ben por resolver o contrato, ou ben, por impoñer penalidades ao contratista. Dispón o citado artigo 212.7 que “Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houbera incumplido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares”.

Nesta liña, o prego que rexe o presente contrato prevé a imposición de penalidades, tanto para o incumprimento das condicións especiais de execución como para o cumprimento defectuoso do mesmo na cláusula 34. Esta cláusula, despois de definir o concepto de infracción como “calquera acción ou omisión por parte do contratista que supoña a

vulneración das obrigas derivadas do presente contrato” (apartado 1), clasifica as mesmas en leves, graves ou moi graves, atendendo ás circunstancias concorrentes e ó maior ou menor prexuízo que se cause á administración ou os usuarios (apartado 2). E no apartado 3 establece as penalidades a impoñer tanto polo incumprimento das condicións especiais de execución, como polo cumprimento defectuoso, tipificando os supostos de cumprimento defectuoso, considerados como falta leve, grave e moi grave.

Os reiterados incumprimentos por parte de Althenia das súas obrigas no contrato dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo, referidos no antecedente cuarto do presente informe, considéranse cumprimento defectuoso do contrato. Os mesmos poden tipificarse como a falta moi grave recollida na cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato “A prestación manifestamente irregular do servizo”.

-III-

Das penalidades que procedería impoñer polo cumprimento defectuoso do contrato

Para a imposición de penalidades polo cumprimento defectuoso do contrato, a lexislación esixe os seguintes requisitos (artigo 212.1 do TRLCSP):

- Que estean previstas no PCAP.*
- Que sexan proporcionais á gravidade do incumprimento.*
- A súa contía non poderá ser superior ao 10 por 100 do presuposto do contrato.*

O PCAP que rexe o presente contrato, respecto as penalidades a impoñer pola comisión de faltas establece na cláusula 34.3.b) que como norma xeral a súa contía será do 1% do importe de adxudicación do contrato, agás que o órgano de contratación considere que o incumprimento é grave o moi grave, en cuxo caso podería acadar o 5% ou 10%, segundo a infracción fose grave o moi grave respectivamente. Aclarándose que a reiteración no incumprimento deberá terse en conta para valorar a gravidade.

Consonte á cláusula 34.5 do PCAP, para a imposición de penalidades teranse en conta os seguintes criterios de gradación:

- a) A existencia de intencionalidade ou reiteración.*
- b) A relevancia dos prexuízos causados, atendendo ó seu valor económico ou á porción de dominio público que resulte afectada.*
- c) A reincidencia, por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción das previstas no presente prego, cando así fose declarado por resolución firme.*
- d) O proceder voluntariamente, antes de que recaia resolución que poña fin ó procedemento sancionador, ó cumprimento da obriga ou deber infrinxido e reparación do dano causado.*

Tendo en conta, as circunstancias concorrentes:

- A infracción é moi grave.*
- Os incumprimentos teñen sido reiterativos, a pesar dos requirimentos do responsable do contrato relativos ao cumprimento das obrigas contractuais, tanto verbais como escritos.*

- *A relevancia dos prexuízos causados polo deterioro ornamental das zonas verdes (existencia malas herbas, falta de limpeza, etc). Como consecuencia do deficiente mantemento, ou, nalgúns casos, a ausencia do mesmo, en canto a labores previstas no prego como a limpeza, eliminación de malas herbas, etc, orixinase unha mala imaxe visual das zonas verdes de dominio público, e provoca unha perda do valor ornamental das mesmas, no cuantificable economicamente, pero que menoscaban a imaxe do servizo, e da xestión municipal das zonas verdes, respecto á cidadanía.*

Pola comisión dunha infracción moi grave o PCAP determina que imporase unha penalidade do 5% ao 10 % do importe de adjudicación do contrato. A xuízo dos técnicos que subscriben, dada a elevada contía do presente contrato, que ascende a 17.984.105,96 €, procedería impoñer unha penalidade do 5% do citado importe, que será de 899.205,30 €.

-IV-

Do procedemento para a imposición de penalidades

Respecto o procedemento para imposición de penalidades, o artigo 212.8 do TRLCSP dispón que “As penalidades impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si designouse, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, constituíse, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións”.

No contrato que nos ocupa, o procedemento para imposición de penalidades está recollido na cláusula 36.II do PCAP, conforme a cal “As penalidades ou multas coercitivas impoñeranse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato tras a instrución do correspondente expediente contradictorio, previa audiencia do contratista, por un prazo de quince días, acordo que será inmediatamente executivo”.

En consecuencia, procedería tras a adopción do presente acordo de iniciación do expediente para a imposición de penalidade, no que fixase a contía da mesma, dar trámite de audiencia ao contratista.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Incoar procedemento para a imposición dunha penalidade á empresa Althenia, S.L., do 5% do importe de adjudicación do contrato, que ascende a 899.205,30 €, pola comisión da falta de “A prestación manifestamente irregular do servizo”,

tipificada como moi grave na cláusula 34.3.b).2 do Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe o citado contrato.

2º.- Dar trámite de audiencia a Althenia, S.L., por un prazo de 15 días hábiles, para que alegue o que o seu dereito conveña.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1056).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS VEXETAIS E NON VEXETAIS PARA A DECORACIÓN DE NADAL. EXPTE. 3319/106.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de 31/10/16, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/16, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de outubro de 2016, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

9.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)*
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)*
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011*
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal*

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 7 de outubro de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a única proposición presentada e admitida neste procedemento na seguinte orde descendente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Plantas de Levante, SL</i>	<i>55 puntos</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PLANTAS DE LEVANTE, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
- 4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 886,14 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, Plantas de Levante, SL, o día 7 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 20 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 21 de outubro de 2016 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, requirir a PLANTAS DE LEVANTE, SL para que no prazo de tres días hábiles emendase a declaración responsable achegada para a acreditación da solvencia técnica, no senso de detallar o obxecto dos contratos relacionados.

Durante o prazo concedido, o 25 de outubro de 2016, a empresa presentou unha declaración responsable na que aclaraba o obxecto dos contratos.

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do

licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PLANTAS DE LEVANTE, SL, de acordo cos informes de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e da proposición avaliable mediante fórmula do 30 de setembro e do 6 de outubro 2016, respectivamente, asinados polo xefe da Área de Servizos Xerais.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a PLANTAS DE LEVANTE, SL, o procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos vexetais e non vexetais para a decoración de Nadal (3319-106) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 122.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 21.260,33 euros.
- Propón un incremento da superficie a decorar nas seguintes zonas:

Incremento en zonas adxacentes aos seguintes espazos	m ²
Espazo público entre a rúa Urzáiz e a rúa Manuel Núñez	2
Praza de Urzáiz (espazo público inmediación Farola)	8
Rúa Príncipe (diante do MARCO, laterais e escaleiras)	10
Rúa Príncipe (mediana entre MARCO e Porta do Sol)	1
Rúa Eduardo Iglesias (mediana entre rúa Príncipe e rúa Progreso, ata a xardineira central existente)	1
Rúa Velázquez Moreno (xardineira existente diante edificio sede do Celta)	2
Porta do Sol (xardín efímero)	6
Praza da Constitución (7 ángulos interiores praza)	2
Praza da igrexa (diante da Concatedral)	1
Gran vía (contorna monumento redeiros)	2
Praza da Pedra (laterais do acceso ao Mercado da Pedra)	1

- Incrementa o stock de seguridade esixida no prego nun 2% de elementos decorativos navideños.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1057).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS PARA A CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO PÚBLICO NO HOSPITAL “ÁLVARO CUNQUEIRO”. EXPTE. 3621/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.10.16, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, polo técnico de Admón. Xeral e xefe da Unidade Administrativa de Alcaldía e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 9 de decembro de 2015, recolle dentro do capítulo “Pavimentación de vías públicas” a aplicación orzamentaria 1532.6090000 “CONST. APARCADOIRO H. ÁLVARO CUNQUEIRO”.

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 14/12/2015, resolveu iniciar expediente para a redacción do proxecto de obras de construción do aparcadoiro Hospital Álvaro Cunqueiro nas parcelas municipais situadas na VG-20-Avenida Clara Campoamor, colindantes co novo Hospital Álvaro Cunqueiro, para o destino a aparcadoiro público, así como encomendar ao técnico municipal, Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Jerónimo Centrón Castaños a redacción do citado proxecto.

3. O proxecto redactado polo Enxeñeiro municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de SETECENTOS TRINTA E CINCO MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (735.309,95€) e data de agosto 2016.

4. A actuación a desenvolver consiste na execución dun aparcamento de vehículos lixeiros nos terreos colindantes ao complexo hospitalario Álvaro Cunqueiro, en terreos de titularidade municipal, para aproximadamente 400 prazas. O acceso ao mesmo será polo lindeiro sur do novo hospital, dende a rotonda da esquina suroeste, salvando este acceso o regato, afluente do río Barxa, que discorre entre os terreos do PTL e do hospital.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 6 meses.

5. Constan no expediente informes da Xerencia Municipal de Urbanismo de xullo e 28 de outubro de 2016, xustificativos do axuste do proxecto á normativa urbanística de aplicación ás superficies afectadas pola actuación.

6. Consta, tamén, informe da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, no que a Xerencia do Servizo Galego de Saúde afirma que non se apreza inconveniente na actuación, indicando, non obstante, que con carácter previo á posta en marcha do aparcadorio deberán adoitarse as medidas adecuadas para impedir o estacionamento na rotonda e carrís de acceso.

7. Consta, igualmente, informe do Xefe da Dependencia da Área de Industria e Enerxía da Subdelegación do Goberno en Pontevedra, resolvendo declarar a non afección da obra ao gaseoducto "Villalba-Tui"

7. O acceso ao aparcadoiro afecta á zona de dominio público hidráulico e de servidume do rego da Venda e o aparcadoiro sitúase zona de policía do Río Barxa, na Rúa Clara Campoamor, parroquia de Beade, polo que o Concello de Vigo, en data 06.10.2015, solicitou da Zona Hidrográfica Galicia-Sur (Augas de Galicia), da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, autorización para a execución das obras; autorización que foi concedida por resolución do director de Augas de Galicia, de data 30 de setembro de 2016 (documento núm. 160131711).

8. A actuación sitúase tamén na zona de protección da estrada VG-20, a altura do P.K. 8,850, na marxe esquerda, no termo municipal de Vigo, de titularidade estatal, polo que se solicitou a preceptiva autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, dependente da Dirección Xeral de Estradas do Ministerio de Fomento; autorización que foi concedida por resolución do Enxeñeiro Xefe da dita Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, de 21/10/2016 (documento núm. 160142053) coas condicións xerais e particulares que constan na dita resolución, de obrigada observancia no momento da execución do proxecto.

9. O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, con data 26.10.2016, informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas. No mesmo tamén se informa que o uso proposto é compatible co ordenamento urbanístico vixente na actualidade.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuacións preparatorias, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica e urbanística de aplicación ao proxecto e a obra, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios, técnicos e urbanísticos que reúne o proxecto.

IV.- A execución do proxecto, segundo se xustifica na exposición de antecedentes de feito, conta coas preceptivas autorizacións sectoriais das correspondentes Administraciones competentes.

V.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

VI.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRL-CSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o Proxecto de “OBRAS PARA APARCADOIRO PÚBLICO EN TERREOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL COLIDANTES AO HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO”, de data agosto 2016, redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal, D. Jerónimo Centrón Castaños.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1058).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO E RÍAS BAIXAS 2016-2019”. EXPTE. 6394/104.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídico e de fiscalización, ambos do 02/11/16, dáse conta do informe-proposta do 02/11/16, da técnica de actividades turísticas, conformado pola concelleira-delegada de Turismo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

“En data 20 de novembro de 2015 a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo asinaron, no exercicio das súas competencias, un protocolo de colaboración en orde a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación na planificación e execución dos proxectos e actuacións que no propio convenio se sinalan; actuacións e proxectos entre os que se inclúen, no que ao presente expediente importa en relación a promoción turística.

No marco deste protocolo, ambas entidades elaboraron conxuntamente un proxecto de convenio de colaboración pra potenciar a posta en valor dos recursos turísticos con medidas de apoio ás actividades de divulgación da oferta turística e de mellora da promoción dos valores turísticos de Vigo e as Rías Baixas e a provincia de Pontevedra.

A promoción turística a través de soportes publicitarios propios das aerolíneas tense amosado como moi eficiente, segundo a experiencia municipal de xestión dos últimos anos. A poboación que viaxa con fins turísticos usa maioritariamente en todo o mundo o avión, polo que a publicidade de destino inserida nas aeronaves, nas revistas de a bordo ou flyers e os anuncios ou caracterización dos destinos nas páxinas web das distintas compañías garanten a presenza do destino Vigo entre a poboación diana da promoción turística mundial. Os espazos publicitarios nos propios equipamentos aéreos teñen unha operatividade intensiva, xa que dificilmente un avión deixa de usarse e dificilmente a pasaxe deixa de recibir múltiples impactos da publicidade que o rodea durante as horas de viaxe.

Esta promoción turística obtivo excelentes resultados na presenza nacional e internacional do destino Vigo e no incremento da afluencia de visitantes, sen menoscabo da positiva mellora da conectividade de Peinador que conlevou. Por tanto, no marco do convenio asinado en data 28 de setembro de 2016 entre a Diputación Provincia de Pontevedra e o Concello de Vigo, considérase conveniente para os intereses municipais manter e reforzar as accións de promoción turística coas compañías aéreas, que ven realizando o Concello de Vigo.

En data 30 de setembro de 2016 o Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo resolveu que se iniciase o expediente conducente á contratación de servizos de promoción turística da cidade de Vigo mediante un contrato maior, por orzamento de setecentos trinta e seis mil euros (736.000,00€) incluído IVE, correspondendo trinta e sete mil euros (37.000€) ao ano 2016 con cargo á aplicación presupostaria 432.0227.9907 "Promoción Vigo e Rías Baixas".

Constitúe o obxecto deste contrato a prestación dos servizos de promoción turística de Vigo e das Rías Baixas en mercados turísticos vencellados coa área mediterránea peninsular e insular, co obxectivo de atraer turistas procedentes destes mercados, a través de:

- O establecemento de conectividade aérea directa desde Valencia, Palma de Mallorca e Ibiza coa cidade de Vigo.*
- O desenvolvemento de accións de promoción turística.*

As accións a desenvolver procurarán a atracción de turistas de diferentes perfís e segmentos centrándose principalmente no turismo de escapada (citybreaker), negocios, familiar, xuvenil, gastronómico e de eventos e reunións (MICE).

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto con múltiples criterios de valoración e tramitación por urxencia. A xustificación da tramitación de urxencia de acordo co contemplado no artigo 112 TRLCSP, atópase na memoria técnica de acordo co cumprimento dos compromisos turísticos derivados do convenio de colaboración coa Deputación de Pontevedra, asinado con data 28 de setembro, para potenciar a posta en valor dos recursos turísticos de Vigo e as Rías Baixas, e dar cumprimento ás obrigas técnicas e orzamentarias establecidas no citado convenio.

Á vista do exposto, previo informe da asesoría xurídica, de data 28 de outubro de 2016, e do servizo de contratación de data 28 de outubro de 2016, e coa conformidade do Concelleira-Delegada da Área de Festas e Turismo, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte.

PROPOSTA

- 1. Aprobar a contratación a través do procedemento aberto para o contrato de "Promoción turística de Vigo e Rías Baixas 2016-2019", expediente Nº 6394-104.*
- 2. Aprobar a declaración da tramitación de urxencia do expediente para a contratación da prestación dos servizos de "Promoción turística de Vigo e Rías Baixas 2016-2019".*
- 3. Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 17 de outubro de 2016 e o prego de cláusulas administrativas de data 28 de outubro de 2016*
- 4. Autoriza-lo gasto, por importe setecentos trinta e seis mil euros (736.000,00€) incluído IVE, correspondendo trinta e sete mil euros (37.000€) ao ano 2016, con cargo á aplicación presupostaria 432.0227.9907 "Promoción Vigo e Rías Baixas".*
- 5. Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida."*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O PRESIDENTE

O CONCELLEIRO-SECRETARIO
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

David Regades Fernández.

Cayetano Rodríguez Escudero.